Proxecto de investigación
Seguimento de barcos pesqueiros

Galicia ten, con moita diferenza, a flota pesqueira máis importante de España en número de barcos e de capturas. Como se moven os barcos que traballan cerca das nosas costas? Cantas millas realizan e que tipo de artes empregan?

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
Precisaremos da información que nos achega a aplicación Marine Traffic (aquí) e datos de pesca da FAO (aquí)
2. Buscamos información.
Sobre a flota pesqueira de baixura e as artes de pesca que empregan. Buscamos tamén información sobre datos de pesca da nosa flota de baixura.
Aprendemos a empregar a páxina de Marine Traffic, resulta moi fácil de usar pero é importante familiarizarnos con ela antes de empezar
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
Os barcos de baixura traballan a menos de ... millas do seu porto. As millas tes de decidilas de acordo coa información que atopaches no apartado 2.
4. Realizamos un deseño de investigación.
Empregando como base a información de tráfico de Marine Traffic analizamos un mínimo de cinco barcos pesqueiros e cinco portos durante un mínimo dunha semana. Anotamos os movementos, as distancias que percorren, os portos nos que amarran...
5. Resultados da nosa investigación.
Analizaremos os resultados para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.